

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PLAN DE DINAMIZACIÓN CULTURAL NOS BARRIOS DA CIDADE DA CORUÑA. ANUALIDADE 2023

Un dos instrumentos máis importantes para garantir unha cidadanía crítica e implicada na súa contorna constitúeno as Asociacións Veciñais.

A participación e creación colectiva de políticas públicas no eido do asociacionismo para a contribución da divulgación dos valores socioculturais da nosa cidade son, sen dúbida, unha das metas do Concello da Coruña e do IMCE.

Isto xunto coa descentralización do seu programa cultural que pretende achegarse a todos os barrios da cidade.

O Plan de dinamización cultural nos barrios da cidade pretende ser un proceso participativo no que as Asociacións Veciñais da Coruña que así o desexen lle presenten ao IMCE unha proposta das festas que lles gustaría que se programasen nos seus respectivos barrios.

Desta forma conséguese satisfacer o interese xeral e optimizar a utilización dos recursos públicos, ao mesmo tempo que se colabora co tecido asociativo da cidade, desenvolvendo conxuntamente programas específicos ligados a festividades de marcado carácter comunitario que axudan a dinamizar de xeito descentralizado a oferta cultural.

1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

É obxecto do presente texto a regulación das bases polas que se convoca ás Asociacións Veciñais constituídas legalmente e radicadas na cidade de A Coruña para que presenten ante o IMCE aqueles proxectos culturais e festivos que queiran propoñer dentro da programación de festas dos seus respectivos barrios.

Os proxectos seleccionados conformarán o calendario de actividades do IMCE dentro do Plan de dinamización cultural da cidade do ano 2023, en concreto no referente ás Festas de Barrio.

Serán incluídas nesta convocatoria as festas tradicionais e/ou populares de arraigo cultural promovidas unicamente por Asociacións de Veciños/as, cuxa celebración contribúa a manter tradicións e costumes propios.

Entendese por festa tradicional e/ou popular aquela celebración relacionada con acontecementos ou festividades que reflicten a idiosincrasia dunha zona ou barrio e que se celebran segundo usos e costumes herdados.

Non serán incluídos proxectos destinados unicamente a socios/as da propia asociación de veciños, nin actividades que non teñan un carácter aberto ao público xeral.

As actividades deberán ser de carácter gratuíto e serán organizadas directamente polo IMCE en colaboración coa asociación que o propoña.

O fin primordial desta convocatoria é ofertar, de xeito coordinado co tecido veciñal da cidade, iniciativas e accións culturais que axuden á descentralización da súa oferta cultural. Polo tanto, será un requisito imprescindible para a súa inclusión no Plan de dinamización cultural da cidade que se trate de accións que axuden ao desenvolvemento comunitario dos diferentes barrios que a conforman.

Os proxectos a incluír nesta convocatoria terán que ser realizados en espazos accesibles e públicos.

2. ENTIDADES PARTICIPANTES

Poderán presentar os seus proxectos unicamente as Asociacións Veciñais, legalmente constituídas e sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio na cidade da Coruña, e que se atopen rexistradas no REMAC (Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña), na data de finalización do prazo de presentación dos proxectos.

O ámbito de actuación das asociacións participantes e dos proxectos presentados será o termo municipal da Coruña.

Cada asociación unicamente poderá presentar un **único proxecto**. En caso contrario será excluída do procedemento.

3. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo para a presentación das solicitudes será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria

na páxina web de Cultura (www.coruna.gal/cultura). No caso de presentación telemática da solicitude, o prazo remata o último día ás 23:59 horas.

As solicitudes presentadas fóra de prazo non se terán en conta para resolver a convocatoria. Non obstante, poderán ser tidas en conta no caso de que quede orzamento dispoñible para este programa.

As solicitudes presentaranse preferentemente de forma telemática por sede electrónica, dirixindo a solicitude ao IMCE (<https://sede.coruna.gal/sede/gl>).

Excepcionalmente, admitiranse solicitudes presenciais no Rexistro administrativo do IMCE, situado na Avda. Marina, núm. 18, 15.003 A Coruña, previa cita no teléfono 981 18 42 33 ou na páxina web <https://citaprevia.coruna.gal/citaprevia/?idCliente=3>.

Xunto coa solicitude deberase achegar (salvo que a dita documentación xa estea en posesión do IMCE):

1. Solicitude, de acordo co modelo que se achega con estas bases.
2. Estatutos polos que se rexe a asociación e NIF (fotocopia compulsada).
3. Certificación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social.
4. Fotocopia compulsada do NIF da persoa representante legal da entidade.
5. Proxecto que inclúa, polo menos, os seguintes apartados:
 - Fundamentación do proxecto.
 - Obxectivos do proxecto, tanto xerais como específicos.
 - Accións ou actividades a desenvolver no proxecto, que conformarán o programa de festas.
 - Persoas destinatarias.
 - Temporalización.
 - Localización física das accións.
 - Recursos aportados pola asociación (humanos, materiais e económicos), así como o orzamento de ingresos e gastos destes recursos achegados pola asociación.
 - Os datos relativos ao resto de criterios de valoración que non deban consignarse na solicitude.

4. INFORMACIÓN PÚBLICA E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación das solicitudes, publicarase na páxina web de Cultura unha listaxe cos datos extraídos das mesmas e abrirase un prazo de **5 días naturais** para formular alegacións. No mesmo prazo, en caso de dúbida ou necesidade de emenda da documentación presentada, o IMCE poderá requirirle ás entidades solicitantes que emenden a documentación.

Transcorrido o prazo de 5 días naturais, que se contará a partir da publicación da listaxe, non se poderán realizar alegacións nin emendas ás solicitudes presentadas.

5. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS

5.1 Comisión de Valoración

Os proxectos presentados serán avaliados por una Comisión de Valoración composta polo presidente delegado do IMCE, a directora da Área de Cultura e un/ha técnico/a do IMCE ou do Servizo Municipal de Cultura. A Comisión estará asistida por unha persoa funcionaria ou laboral do Concello da Coruña ou do IMCE, en calidade de Secretaria/o, con voz pero sen voto.

As persoas que formen parte da Comisión serán designadas pola Presidencia do IMCE.

5.2 Inclusión dos proxectos no programa

A decisión sobre as iniciativas, actividades ou proxectos a incluír no presente programa realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer una prelación entre elas, de acordo cos criterios sinalados no apartado denominado “Criterios de valoración”.

5.3 Criterios de valoración

Como norma xeral prima a regra de que todas as Asociacións Veciñais que presenten un proxecto terán dereito a que se programe a actividade plantexada, sempre e cando se trate dun proxecto viable e que cumpra as condicións desta convocatoria.

Non obstante, tendo en conta que o presuposto é limitado, establécense uns criterios de valoración para o caso de que a suma dos orzamentos presentados xunto con cada unha das solicitudes supere o crédito destinado ao programa, é dicir, **400.000 euros**.

Os criterios de valoración son os seguintes:

1. En función do número de socios da Asociación de Veciños: ata 10 puntos.

- Ata 50 socios: 2 puntos.
- De 51 a 100 socios/as: 4 puntos.
- De 101 a 200 socios/as: 6 puntos.
- A partir de 201 socios/as: 10 puntos.

2. En función do grado de implementación do proxecto no barrio (antigüidade da festa, sen contar o ano 2023): ata 5 puntos.

- De 0 a 2 anos: 2 puntos.
- De 3 a 5 anos: 3 puntos.
- Mais de 5 anos: 5 puntos.

3. En función do proxecto presentado: ata 55 puntos.

O proxecto valorarase en base aos seguintes subcriterios:

3.1 Fundamentación, obxectivos e metodoloxía a empregar na realización do proxecto. Incluídos medios humanos e materias a aportar pola asociación: **ata 20 puntos.**

Valorarase positivamente o feito de presentar un proxecto detallado, cunha programación concreta e que teña presente todos os medios precisos para organizar a actividade.

Valorarase positivamente o feito de que a Asociación de Veciños/as colabore na realización da festa tanto con medios persoais como materiais (incluída aportación económica). Neste caso, deberán indicar os medios propostos (número de persoas, orzamento propio, medios materiais, etc.).

3.2 Persoas destinatarias do proxecto (público previsto): ata 10 puntos.

- Ata 300 persoas: 3 puntos.
- De 301 a 500 persoas: 5 puntos.
- De 501 a 1.000 persoas: 7 puntos.

- Mais de 1.000 persoas: 10 puntos.

3.3 En función do **medio de difusión proposto**: ata **5 puntos**.

Obterase 1 punto por cada medio proposto. Exemplo: carteis, prensa escrita, radio, distintos tipos de redes sociais, etc.

3.4 En función da **inclusión de outras entidades ou axentes sociais do barrio** no proxecto (Ex. colaboración de hostalería, asociacións culturais, etc.): ata **5 puntos**.

Obterase 1 punto por cada entidade ou axente social implicado, sen contar coa Asociación de Veciños que propón o proxecto.

3.5 En función da **viabilidade económica do proxecto**: ata **10 puntos**.

A asociación deberá presentar unha proposta económica do proxecto, con detalle de gastos.

Valorarase positivamente o feito de presentar unha proposta pechada ou o mais concreta posible.

Valorarase positivamente o feito de que, no caso de contratacións artísticas, o gasto relativo á contratación artística leve incluído a produción precisa (exemplo: escenario, son, etc.).

O presuposto ou presupostos non poden supera o importe total máximo a pagar pola festa de acordo con esta convocatoria (**15.000 euros/festa de barrio**), salvo que a Asociación de Veciños/as contribúa a financiar parte dos gastos con recursos propios.

Nese caso, debe vir detallado a parte que se vai asumir a asociación con recursos propios.

Non obstante, co fin de asegurarse que se executa todo o crédito relativo a este programa, de forma excepcional, no caso de que o importe total dos proxectos seleccionados non supere os 400.000 euros, o IMCE poderá incrementar o gasto relativo a cada proxecto individual por encima dos 15.000 euros. De ser o caso, o incremento, que deberá estar debidamente motivado, poderase realizar de forma proporcional tendo en conta a puntuación obtida por cada proxecto.

3.6 Inclusión de **propostas artísticas locais ou vinculadas á nosa cultura tradicional: 5 puntos.**

Obterán 5 puntos se se inclúe algunha proposta deste tipo, e 0 se non se inclúe.

UMBRAL MÍNIMO

Serán seleccionados aqueles proxectos que en aplicación dos anteriores criterios, obteñan polo menos 35 puntos sobre os 70 posibles.

6. RESOLUCIÓN

Logo de observar a valoración da Comisión, formularase unha proposta de resolución que se elevará á Presidencia do IMCE e que conterá as diferentes propostas que conformarán o cartel das Festas de Barrio do ano 2023.

A resolución publicárase na páxina www.coruna.gal/cultura para coñecemento xeral.

O prazo de resolución será como **MÁXIMO DE UN (1) MES**, que se contará a partir do día seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das solicitudes.

7. RECURSOS ECONÓMICOS

Os gastos asumidos polo IMCE para o desenvolvemento das actividades serán imputados ao crédito orzamentario das aplicacións orzamentarias 338/227.99, 338/203.00, 338/226.02 e 338/226.99 do orzamento do exercicio 2023 do IMCE, cunha **dotación máxima de 400.000 euros.**

A contía máxima dos gastos que vai asumir o IMCE por cada proxecto será de 15.000 euros, impostos incluídos.

Non obstante, co fin de asegurarse que se executa todo o crédito relativo a este programa, de forma excepcional, no caso de que o importe total dos proxectos seleccionados non supere os 400.000 euros, o IMCE poderá incrementar o gasto relativo a cada proxecto individual por encima dos 15.000 euros. De ser o caso, o incremento, que deberá estar debidamente motivado, poderase realizar de forma proporcional tendo en conta a puntuación obtida por cada proxecto.

8. OBRIGAS DA ENTIDADE

As entidades comprométense a:

- a. Empregar o galego na realización do proxecto, sobre todo nos medios de publicidade.
- b. Realizar accións que promovan a igualdade de xénero.
- c. Garantir o uso non sexista da linguaxe e da imaxe.
- d. Propoñer actividades que estean dirixidas ao público en xeral e que sexan gratuítas.
- e. Colaborar co IMCE na programación e realización da actividade, cos medios persoais e materias dos que dispoña a Asociación de Veciños, así como cumprir cos requisitos e condicións que determinen a inclusión da súa proposta no programa.
- f. Facer mención expresa da colaboración do Concello da Coruña e do IMCE en todos os soportes de comunicación empregados. No caso de que se elaboren carteis publicitarios da festa, deberán levar o logotipo do Concello da Coruña.
- g. Comunicar por escrito calquera modificación que se pretenda efectuar no proxecto, que deberá ser autorizada polo IMCE.
- h. No caso de ser necesario o uso de vasos, será obriga da entidade o emprego de vasos reutilizables (ECOVASO).
- i. Presentar un plan de medidas para a redución da xeración de residuos.
- j. No caso de que a programación de festas sexa ampliada, e as entidades veciñais contraten actividades complementarias ás organizadas polo IMCE, os organizadores estarán obrigados ao cumprimento estrico da normativa correspondente (administrativa, económica, laboral, de seguridade, etc.). O IMCE estará facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento desta esixencia, véndose obrigada a asociación a remitir toda canta información sexa requirida pola Administración.

9. CRITERIOS AMBIENTAIS

Con carácter xeral, será posible o uso de zonas verdes, arboradas ou axardinadas, así coma dos espazos naturais da cidade para o desenvolvemento de eventos, e cando non exista outra localización posible para elas e coa condición de que o Servizo de Medio Ambiente considere ese uso compatible e que se cumpran as condicións por el establecidas.

Serán de aplicación os seguintes criterios:

- As actividades proxectadas non poderán contemplar ningún tipo de intervención sobre as árbores e plantas do patrimonio municipal, xa sexa coma elementos principais da actividade ou como elementos accesorios para a soporte de materiais ou das instalacións. A instalación de estruturas non debera realizarse sobre espazos axardinados.
- Aquelas actividades que requiran abastecemento de auga non poderán usar bocas de incendios, redes de rega e demais elementos destinados aos servizos municipais. Por outra banda, a actividade non poderá levar a vertedura de augas residuais sobre superficies axardinadas, parterres e escavas ou sobre a vía pública.
- As actividades que requiran subministración eléctrica non poderán facer uso das instalación asociadas ao mantemento de parques e xardíns ou outros servizos municipais, como a rede municipal de iluminación. Deberán obter, en calquera caso, o correspondente boletín emitido por un instalador eléctrico autorizado.
- Se se utilizasen moto-xeradores, compresores ou aparellos de similares características, ou ben se se utilizasen focos de calor (fornos, grelladas ou similares), estes deberan estar a una distancia mínima de 3 metros da proxección vertical da copa das árbores, coas súas saídas de fume dispostas en sentido contrario á localización da vexetación.
- Durante o desenvolvemento da actividade e das tarefas de montaxe e desmontaxe das instalacións, evitase a cerramento de plataformas e calzadas dos xardíns. Deberase permitir, en todo momento, o paso aos vehículos que operan no seu servizo e mantemento. Por outra banda, nos parques e as zonas axardinadas, a actividade non poderá levar a circulación de vehículos por lugares nos que non estea permitido, ao pór en risco a integridade dos elementos de rega soterrados.
- As arquetas e elementos de rexistro en superficie de calquera servizo público e, en particular, da rega, deberán permanecer en todo momento libres de ocupación.
- A actividade que se proxecta realizar non deberá levar a alteración dos horarios daqueles parques que están sometidos a un réxime de apertura e peche.
- A entidade organizadora do evento deberá prever o medios necesarios para manter as condicións de limpeza e ornato do espazo afectado. Así, disporá os medios de protección necesarios para evitar machas sobre o pavimento ou outros elementos residuais provenientes tanto da actividade como da montaxe e desmontaxe de calquera infraestrutura que puidese requirirse para a realización do evento. Así

mesmo, achegará os medios de protección necesarios para evitar que os residuos se esparesan fóra do sistema de contedores disposto polo Concello.

Sen prexuízo da preceptiva tramitación da licenza municipal nos casos en que sexa necesaria conforme á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, será necesario comunicarlle ao Servizo de Medio Ambiente cunha antelación mínima de 15 días sobre a data prevista de realización da actividade, os servizos básicos que se poidan requirir para o normal desenvolvemento dela (en particular, servizos de contedores, recollida de residuos e limpeza viaria).